

Concello da Capela

Expediente núm.: 141/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Data de iniciación: 31/03/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data	Número
Providencia de Alcaldía solicitando informe de Secretaría	31/03/2023	
Informe de Secretaría lexislación e procedemento	31/03/2023	2023-0077
Bases que deben rexer a Convocatoria e o Proceso de Selección	31/03/2023	
Informe-Proposta de Secretaría de aprobación das bases e da convocatoria	31/03/2023	2023-0078
Informe de Fiscalización Fase «A»	03/04/2023	2023-0079
Resolución de Alcaldía aprobando a Convocatoria e as Bases	03/04/2023	2023-0128
Anuncio na web municipal	04/04/2023	
Anuncio BOP	04/04/2023	
Certificación das solicitudes presentadas	11/04/2023	
Resolución de Alcaldía aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos	11/04/2023	2023-0134
Publicación na web e no taboleiro de anuncios da lista provisional de admitidos e excluídos	11/04/2023	
Resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do Tribunal e convocatoria para a realización da proba escrita	17/04/2023	2023-0139
Comunicación aos membros do Tribunal	17/04/2023	
Publicación na web municipal da resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do tribunal e convocatoria para a realización da proba escrita	17/04/2023	
Acta de constitución do Tribunal e valoración dos méritos presentados polas persoas aspirantes	20/04/2023	



Concello da Capela

Publicación na web da acta de constitución do Tribunal e valoración de méritos	20/04/2023	
Acta de valoración da proba escrita, da puntuación final e proposta de aspirantes para a contratación	20/04/2023	
Publicación na web da acta de valoración final	20/04/2023	
Requirimento ás persoas aspirantes propostas para a contratación da documentación previa prevista nas bases da convocatoria	24/04/2023	
Recepción de documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria	24/04/2023	
Recepción de documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria	25/04/2023	
Informe-Proposta da Secretaría de autorización da contratación e formación da bolsa de traballo	26/04/2023	2023-0092

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

RESOLVO

PRIMEIRO. Autorizar a contratación a favor das seguintes persoas aspirantes:

Apelidos e nome	DNI
Meizoso Seco, María del Mar	***6909**
Winkler, Patricia	***5985**
Soto Soto, María Enma	***4732**

SEGUNDO. Dispor a cantidade de **18.890,24 euros** á que ascenden as retribucións das persoas nomeadas.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución as persoas candidatas seleccionadas, convocándoas para o vindeiro día 28 de abril de 2023, ás 9:30 horas na Casa do Concello para a sinatura do contrato de traballo, na modalidade regulada na



Concello da Capela

Disposición adicional novena do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se modifican as modalidades contractuais, co seguinte detalle:

Apelidos e nome	DNI	Duración do contrato	Dedicación
Meizoso Seco, María del Mar	***6909**	6 meses	Tempo parcial 30 horas semanais
Winkler, Patricia	***5985**	6 meses	Tempo parcial 30 horas semanais
Soto Soto, María Enma	***4732**	4 meses	Tempo parcial 30 horas semanais

Do mesmo xeito, comunicáraselle que a súa incorporación ao posto de traballo será con data **1 de maio de 2023**.

Así mesmo, informaráselle do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

CUARTO. Enviar comunicación da contratación ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

QUINTO. Formalizado o contrato, comunicarllo á oficina pública de emprego das Pontes de García Rodríguez, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

SEXTO. Informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

SÉTIMO. Aprobar, de acordo co establecido na base 11 da convocatoria, a bolsa de traballo coa relación de persoas aspirantes admitidas e presentadas no proceso selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida nel, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licenzas regulamentarias, necesidades dos servizos, etc..., ou as baixas ou renuncias dos seleccionados neste proceso; así como en sucesivos programas do PEL-CONCELLOS. A vixencia desta bolsa rematará o 31 de decembro de 2025.

Apelidos e nome	DNI	Puntuación total
Meizoso Seco, María Pilar	***0799**	6,30



Concello da Capela

Permuy Casal, Jorge	***9274**	6,20
Calvo Vilar, Laura	***7993**	6,00
Vilar Calvo, Enma María	***9944**	5,20
Casteleiro Vila, Mónica	***9069*	4,90
Dearriba Barcala, Claudia Mercedes	***8021**	4,30

OITAVO. Excluir da bolsa de traballo proposta polo Tribunal cualificador, ao aspirante D. Raúl Pereira Formoso, que por erro administrativo foi cualificado como admitido, ao non reunir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria do proceso selectivo e na Base 4.2 das bases que rexen o Programa PEL-CONCELLOS 2023.

NOVENO. Notificar ás persoas aspirantes que non resultaron seleccionadas.

Na Capela, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Meizoso López, do que eu D. José Antonio Meizoso Paz, como Secretario, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo e do artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

